

tod@men@merece unha familia... en días



BOLETÍN *xaneiro*

ACTIVIDADES

Información sobre as actividades e convocatorias do próximo mes, para que poidades participar activamente no noso labor.

NOVAS

novas de interese sobre o acollemento familiar, o sistema de protección e todo o relacionado co benestar da infancia e adolescencia.

NOVIDADES

iniciativas a nivel estatal que levamos adiante dende ASEAF, así como as accións doutras asociacións nacionais coas que compartimos misión e obxectivos.

benvid@ a o noso novo boletín!



Novo ano, novas propostas...

Queridos amigos e amigas,

En ACOUGO, sempre apostamos pola transparencia, a proximidade e o compromiso como piares fundamentais do noso traballo. Por iso, estamos emocionados de presentarvos o noso novo boletín, unha ferramenta que creamos para fortalecer a nosa comunicación e mantervos ao tanto de todo o que facemos.

Este boletín será un espazo para compartir un resumo da actividade mensual da nosa asociación, reflectindo os pasos que damos para apoiar as familias e aos nenos, nenas e adolescentes do sistema de protección. Queremos que coñezades de primeira man o esforzo que poñemos en cada acción e actividade e como, xunt@s, seguimos traballando por un sistema máis forte e humano.

O noso desexo é que este boletín sexa unha xanela aberta ao noso traballo, pero tamén unha canle de conexión e inspiración para todos vós, que sodes parte fundamental da nosa rede. Convidámosvos a ser parte activa deste proxecto, que reflicte o noso compromiso conxunto coa infancia máis vulnerable.

Grazas por acompañarnos neste camiño. Esperamos que gocedes e atopedes útil esta nova iniciativa!

Con agarimo,
O equipo de ACOUGO

Medios

últimas novas

Aldeas infantís denuncia desde Vigo que se segue separando a nenos en acollemento dos seus irmáns.

Aldeas Infantís alertou en Vigo sobre a persistente práctica de separar a irmáns no sistema de acollida, a pesar de que tanto a ONU como a lexislación española recoñecen o seu dereito a medrar xuntos. A organización salienta a importancia de manter aos irmáns unidos para ofrecerlles estabilidade emocional e facilitar a súa adaptación a unha nova vida.

cadenaser.com

“Nin o mellor centro de protección de menores é como vivir nunha familia”

Expertos destacan a importancia do acollemento familiar fronte á institucionalización. Saliéntase que, aínda que os centros de protección ofrecen atención e recursos, a contorna familiar proporciona unha calidade de vida e un desenvolvemento emocional que non se pode replicar nunha institución.

laopinioncoruna.es

A Xunta investirá máis de 300.000 euros en obras de mellora no centro de protección de Ferrol.

A Xunta de Galicia anunciou un investimento superior a 300.000 euros para mellorar o centro de protección de menores en Ferrol. As obras incluírán melloras no recubrimento exterior do centro, cambios na cuberta e a renovación dos sistemas de drenaxe de auga, co obxectivo de mellorar a eficiencia térmica e enerxética do edificio.

xunta.gal





GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE DERECHOS SOCIALES, CONSUMO
Y AGENDA 2030



O noso traballo

11 entidades reunímonos para traballar dende a innovación na atención ás familias.

Convenio IRPF ESTATAL

Este mes queremos destacar é un proxecto de dixitalización, atención a familias e difusión e sensibilización que grazas ao apoio de ASEAF -asociación da que formamos parte- e doutras 10 entidades máis que podemos asistir ao encontro, levaremos a cabo este 2025.

Reunímonos en Madrid grazas ao Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030 cunha mesma preocupación: os 17.000 nenos, nenas e adolescentes que se atopan no sistema de protección e cómo poder dar cobertura de forma transversal a todos os que traballan por esta causa. Foi una xornada moi enriquecedora, na que puidemos aprender moito e comezar a valorar o increíble que é traballo en común.

O noso traballo

Puidemos aprender da man dos profesionais de ASEAF como traballar cunha serie de ferramentas dixitais que non só nos facilitan o traballo e o acceso ás familias, senón que ademais crea un espazo de comunicación entre o resto de Asociacións Españolas.

Entre estes recursos facilitadores atópase a web de acolledoras, que é un espazo onde podes entrar en contacto co acollemento familiar, xa sexa simplemente por coñecer un pouco máis ou se xa necesitas un servizo de acompañamento máis concreto.

Desde aquí, ASEAF encárgase de que as túas dúbidas e inquietudes cheguen á entidade que se deba facer cargo dela para que che poidan acompañar da mellor forma posible.



www.acogedoras.org

O noso traballo

LEI DE XUVENTUDE E XUSTIZA INTERXENERACIONAL

Encontro co Secretario de Estado

O pasado 23 de xaneiro, algunhas persoas integrantes de Acougo e Acougo Xove tivemos o pracer de participar no encontro "Camiñando cara a lei de Xuventude: encontro territorial en Galicia", organizado polo Consejo de la Juventud de España (CJE) e o INJUVE na Facultade de Ciencias de la Educación da USC.

Neste evento, no que participaron o Secretario de Estado de Xuventude, Rubén Pérez Correa, e a Presidenta do CJE, Andrea González Henry, achegamos as nosas propostas e ideas para contribuir a elaboración desta nova lei de xuventude en materias de:

- Saúde mental, igualdade e benestar social.
- Dereitos económicos e vivenda.
- Medioambiente
- Participación xuvenil.

O noso traballo

acollendo

acollemento

Sensibilización nos coles

Este mes continuamos co traballo nos colexios, neste caso no CPR Pais Somascos en A Guarda, da man do manifesto de "Acollendo o acollemento", un acordo de colaboración onde a Asociación Acougo se pon a disposición dos centros educativos para incidir e sensibilizar sobre a realidade do acollemento familiar. A través de charlas, actividades e xornadas, ofrecemos o noso servizo gratuito de apoio especializado en materia de protección, promovendo unha maior concienciación sobre esta realidade.





28 XANEIRO - A CORUÑA

xuntanzas en familia

Coñeces a realidade do acollemento familiar en Galicia? Tes inquedanzas ou dúbidas sobre o acollemento familiar?

Para isto son estas xuntanzas en familia, para resolver estás cuestións e neste caso concretamente aproveitamos para falar de cual é o ámbito de actuación de ACOUGO nesta realidade autonómica.

Falamos do acollemento e os seus tipos, e tratamos algúns dos grandes proxectos da asociación:

- Curso en Familia
- Familias referentes
- Familias corresponsables
- Voluntariado

E además presentamos os distintos servizos que ofrecemos.




O noso traballo


Retomamos despois das
vacacións

apoio escolar

Despois da paréntese das vacacións, en ACOUGO retomamos con enerxía e ilusión o noso Servizo de Apoio Escolar, un espazo pensado para acompañar aos nenos, nenas e adolescentes no seu proceso educativo e potenciar a súa aprendizaxe.

Nestas sesións traballamos na organización das tarefas escolares, axudamos a reforzar e desenvolver as competencias básicas e específicas de cada alumno e fomentamos hábitos de estudo eficaces nun ambiente de confianza e motivación.

-  Días e horario:
-  Luns e mércores
-  De 17.30 a 19.30 h



Próximas actividades

11 febreiro



Xuntanzas en familia

Charla informativa

Falaremos do acollemento e os seus tipos, e trataremos algúns dos grandes proxectos de ACOUGO:

- Curso en Familia
- Familias referentes
- Familias corresponsables
- Voluntariado

Ademais presentaremos os distintos servizos que ofrecemos.

11 de Febreiro

17:00 horas

Rúa Padrón 2, Santiago de Compostela.

Ponte en contacto:

622 672 188

INFO@ACOUGO.GAL

OFRECEMOS SERVIZO DE CONCILIACIÓN



CORRESPONSABLES

XUNTANZA EN FAMILIA
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Rúa Padrón, 2



forms.office.com

22 febreiro

ACOUGO
Asociación galega de familias de acollida

Formación Voluntariado

10:00-12:00
Formación específica de voluntariado
(para aquelas persoas que non a fixeron con anterioridade)

12:00-12:30
Descanso

12:30-14:30
Formación en actividades e animación.

14:30
Xantar compartido.
(asistencia voluntaria)

22 Febreiro

Ubicación: Local de Acougo,
Rúa de Padrón nº2, Santiago de Compostela

GOBERNO DE GALICIA XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE
Financiado por la Unión Europea NextGenerationEU
Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia

17 febreiro



Xuntanzas en familia

Charla informativa

Falaremos do acollemento e os seus tipos, e trataremos algúns dos grandes proxectos de ACOUGO:

- Curso en Familia
- Familias referentes
- Familias corresponsables
- Voluntariado

Ademais presentaremos os distintos servizos que ofrecemos.

17 de Febreiro

17:30 horas

Espazo Amizar, sala de reunións 3ª planta.

Ponte en contacto:

622 672 188

INFO@ACOUGO.GAL

OFRECEMOS SERVIZO DE CONCILIACIÓN



CORRESPONSABLES

XUNTANZA EN FAMILIA
ESPAZO AMIZAR
A CORUÑA



forms.office.com



FORMACIÓN
VOLUNTARIADO
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Rúa Padrón, 2

forms.office.com



1

Moitas grazas pola túa
colaboración e apoio á
entidade.

contáctanos

Rúa Manuel María, 6
CP: 15705
Santiago de Compostela
+34 622 672 188
@acougo.gal
info@acougo.gal
www.acougo.gal